



CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DO OBSERVATORIO DE VIVIENDA DE VIGO

REUNIDOS

Dunha parte, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, na súa calidade de Reitor Magnífico da Universidade de Vigo (NIF Q8650002B), nomeado en virtude do Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, de 9 de xuño, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 de la Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, actuando en nome e representación de dita Universidade de Vigo (en adiante, UVIGO).

Da outra parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, nomeado no pleno do Concello de Vigo de data 17 de xuño de 2023, e en virtude das atribucións que lle confiren os artigos -21.1.b) y 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA), en nome e representación do goberno de dito municipio.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a UVIGO é unha institución que, en cumprimento do disposto na Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, realiza o servizo público de educación superior mediante a docencia, o estudo e a investigación, tendentes ao desenvolvemento científico e tecnolóxico.

A UVIGO ven realizando, dende a súa creación, actuacións de especial relevancia para o desenvolvemento económico e social de Galicia, en particular, no ámbito da investigación das condicións socioeconómicas, acceso aos dereitos, bens e servizos, o análise da situación de diferentes mercados no seu entorno.

Segundo.- Que en virtude do sinalado no artigo 25 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Vigo ten competencia para prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal de Vigo, en materia -entre outras- de “*promoción e xestión de vivenda de protección pública*” (letra a) do apartado 2 do citado artigo 25).

Por eso, o Concello de Vigo, a pesares de que a administración con competencia exclusiva en materia de vivenda é a Xunta de Galicia, ten unha especial preocupación polo acceso das familias a unha



vivenda digna na cidade de Vigo, por un desenvolvemento económico inclusivo, pola dispoñibilidade de vivenda a prezo alcanzable que permita a fixación de nova poboación na cidade e manter os estándares que garantan que vivimos nunha cidade con alta calidade de vida.

Terceiro.- Que a UVIGO e o Concello de Vigo poden traballar conxuntamente para estudar a evolución do mercado de vivenda, o acceso dos cidadáns a unha vivenda digna a un prezo razoable, as diferencias entre os diferentes barrios no acceso á vivenda, a competencia dos usos residenciais cos turísticos e o seu efecto sobre a oferta e o prezo das vivendas, ou a situación da vivenda na área metropolitana de Vigo. Co obxectivo de poder facer un diagnóstico da situación e poder observar os cambios que se producen no acceso á vivenda ao fin de orientar as intervencións públicas que permitan observar os resultados das medidas adoptadas.

O marco adecuado para o análise da situación da vivenda en Vigo é a creación dun OBSERVATORIO DE VIVENDA que analice de forma sistemática para as diferentes zonas da cidade e para os diferentes estratos de idade e renda das familias, a situación do stock de vivendas en Vigo, o custe da vivenda, a situación do mercado do alugamento, a competencia con outros usos, elaborando mapas de situación e comparativas con outras cidades e, especialmente coa situación da área metropolitana. Traballo que permitirá aportar propostas de mellora, zonificacións con limitación de usos e avaliación de políticas realizadas polas administracións públicas implicadas.

Ao amparo do disposto no artigo 47 de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e en cumprimento dos requisitos de validez e eficacia dos convenios subscritos entre administracións públicas -Universidade de Vigo e Concello de Vigo- establecidos no artigo 48 da dita lei, pactan as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Vigo e a UVIGO para o deseño, creación e funcionamento do Observatorio de Vivenda de Vigo co fin de realizar un diagnóstico constante do mercado da vivenda, monitorizar a súa evolución e propoñer medidas de corrección coa previa avaliación de súa idoneidade.

Dito Observatorio pretende ser unha ferramenta que facilite a utilización integrada dos datos dispoñibles nas principais fontes estatísticas oficiais, de interese para mellorar o coñecemento da situación actual e realizar un seguimento permanente da evolución do sector residencial en Vigo. O obxectivo é coñecer a situación do stock da vivenda, situación e estado da mesma, presenza de usos que compiten co residencial, evolución dos prezos e da renda dedicada á vivenda, ao tempo que se avalían os efectos das políticas públicas.



SEGUNDA.- OBSERVATORIO

O Observatorio da Vivenda de Vigo é un espazo de intercambio de información, formulación de propostas de actuación sobre o mercado e seguimento da evolución do acceso á vivenda destinado a servir de apoio aos axentes públicos e privados (administracións, usuarios, empresas, profesionais, asociacións e cidadanía en xeral).

O Observatorio artéllase como unha ferramenta activa, transparente e útil para facilitar un maior coñecemento deste ámbito e dar soporte na toma de decisión para as institucións e avaliar a súas actuacións.

A UVIGO aportará os medios materiais e os equipos, coñecemento e experiencia que permitan realizar un diagnóstico con proposta de indicadores para realizar un seguimento da situación da vivenda.

O Concello de Vigo, cos responsables das políticas de vivenda e benestar social, participará na elaboración de propostas de intervención e facilitará o acceso á información do Observatorio que estará dispoñible na súa páxina web.

TERCEIRA.- OBRIGACIÓNS DAS PARTES

Para o cumprimento dos obxectivos:

- A UVIGO aportará os medios materiais e os equipos, o coñecemento e a experiencia, coas horas de investigación académica necesarias, para contribuír ao obxecto deste convenio, por un importe equivalente a CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000€) anuais durante o tempo de vixencia do mesmo.
- O Concello de Vigo aportará CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000 €) anuais que serán ingresados a favor da UVIGO ao comenzo de cada ano e financiará as tarefas de investigación do Observatorio de Vivenda de Vigo, correspondendo dita contía á partida orzamentaria 1510.2270600 do Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

A Universidade xustificará a aplicación destes fondos mediante un informe de xustificación das actividades realizadas e dos gastos ocasionados.

A documentación e outros materias que se elaboren en execución do presente convenio serán propiedade da propia Universidade de Vigo e do Concello de Vigo, podendo esta Administración reproducilos, publicalos e divulgalos total ou parcialmente na medida que sexa conveniente, facendo constar a autoría da Universidade de Vigo. Para elo, a Universidade cede en exclusiva todos os dereitos de explotación de dita documentación e materiais a favor do Concello de Vigo, de acordo co establecido no Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, mantendo aquela os dereitos de autor (agás o de cesión a terceiros).



CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E XESTIÓN DO CONVENIO

Constituirase unha comisión de seguimento do convenio, que estará integrada por representantes de cada unha das partes asinantes, na que se tratarán os problemas derivados da interpretación, execución e desenvolvemento deste, así como do seu seguimento e cumprimento.

A composición da comisión será de 4 persoas, dúas en representación do Concello de Vigo (concelleiros/as delegados/as que ostenten as responsabilidades de Vivenda e de Servizos Sociais) e dous representantes da UVIGO (vice-reitor/a con competencia en Investigación ou Transferencia e representante do grupo de investigación Capital Intelectual e Intanxibles) que serán nomeados polo reitor da UVIGO.

A comisión de seguimento, ademais, deberá:

- a Deseñar, promover e coordinar o plan anual de actividades.
- b Elaborará as propostas de intervención pública a partir da información técnica.
- c Velar polo cumprimento dos obxectivos, a calidade dos contidos e os prazos de entrega.
- d Promover a coordinación necesaria para a realización dos estudos, desenvolvendo cantas accións se estimen necesarias e oportunas para a consecución dos obxectivos do Convenio.
- e Elaborar e aprobar a Memoria anual de actividades do Observatorio e os calendarios de presentación de resultados.
- f Resolver as cuestións que se susciten na interpretación e cumprimento do presente convenio.

Actuará de presidente da comisión o/a concelleiro/a responsable da área de Vivenda e asistirá como secretario/a con voz e sen voto o Xerente de Urbanismo da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

QUINTA.- VIXENCIA

A vixencia de este convenio será de catro (4) anos a partir da sinatura do mesmo, prorrogable polo prazo máximo de catro (4) anos máis, mediante acordo unánime de ambas partes antes da finalización da súa vixencia.

SEXTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación das cláusulas ou o engadido de novas obrigacións para calquera das partes, requirirá acordo expreso dos asinantes e se instrumentará a través da correspondente addenda.

SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais que poden existir na execución do presente convenio serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución deste Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo de conformidade co previsto no artigo 51.2 da LRXSP, cos efectos establecidos no artigo 52 do referido texto legal.

NOVENA.- NATURALEZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio terá carácter administrativo e rexerase polo establecido na súas cláusulas, quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do sector público, salvo para a resolución de dúbidas ou lagoas.

As cuestións litixiosas que puidesen xurdir someteranse a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- TRANSPARENCIA

Unha vez asinado, o presente Convenio publicarase no Portal de Transparencia do Concello de Vigo de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

E, en proba de súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, en data antes indicada.

Don Manuel Joaquín Reigosa Roger

Don Abel Caballero Álvarez

Reitor da Universidade de Vigo

Alcalde do Concello de Vigo